

ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR

En Portomarin a 26 de xuño de 2020.

- Reunidos no Salón de Actos da Casa Consistorial de Portomarin, ás 09.00 horas, os integrantes do tribunal cualificador, que se constitúe para valorar a documentación presentada polos cinco aspirantes a prover un posto de PEÓN PARA TAREFAS DE XESTION DA BIOMASA, persoal laboral temporal de interese social, no marco da subvención concedida pola Consellería de Economía, emprego e Industria ao amparo da “Orde de 20 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural), que son:

- Alicia de la Iglesia López, presidenta do tribunal.
- José Luis Vázquez Méndez, Secretario do tribunal.
- José Antonio Varela Vázquez vogal do tribunal.

Unha vez constituído o tribunal cualificador, e de conformidade coas bases reguladoras da convocatoria dun posto de peon para tarefas de xestion da biomasa , acordase proceder á valoración dos méritos presentados polos candidatos que cumpren os requisitos da convocatoria.

Os méritos a valorar en base á cláusula OITAVA das bases serán as seguintes:

“A selección farase de conformidade cos seguintes criterios e valoración dos mesmos. Tal e como establece o resolución de concesión da axuda e orde de convocatoria, e tendo en conta a especificidade dos traballos a realizar, priorizaranse os candidatos que teñan experiencia nas tarefas de xestión da biomasa forestal:

- I. Por experiencia profesional: traballos realizados no mesmo posto e categoría.
 - a) Por ter desempeñado na Administración Pública o mesmo posto de traballo ó que aspira: 1 punto/mes, máximo 4 puntos; acreditarse mediante certificación da Administración correspondente ou copia compulsada do/s contrato/s e vida laboral.

- I. Proba de aptitude:

-Peóns: relacionada coas funcións do peón de xestión da biomasa vexetal nas redes secundarias e faixas laterais da rede viaria de titularidade municipal que non se poidan executar de xeito mecanizado e terreos de propiedade municipal, así como o coñecemento do termo municipal. A puntuación máxima a obter por este apartado será de 20 puntos. Poderá ser práctica ou escrita a proposta do Tribunal.”

Á vista da documentación dos aspirantes presentados e admitidos ao proceso de selección e trala realización da proba teorica, as puntuacións obtidas son as seguintes:

Nome e apelidos	Formación	Proba Teorica	Total
BUIDE GAYOSO, JOSÉ LUIS.	----	14	14
LOPEZ BARREIRO JOSE MANUEL	4	20	24
RODRIGUEZ PEREZ DAVID	4	20	24
SOMOZA TABOADA DIEGO.	-	18	18
VAZQUEZ RAMOS DIEGO	4	12	16

A vista dos resultado obtidos e dacordo co establecido nas bases aprobadas o efecto que din:

“NOVENO. Calificación

A calificación final será a suma dos puntos obtidos no concurso de méritos e no exercicio primeiro. No caso de empate será seleccionada o candidato que leve mais tempo de situación de desemprego.”

Procedese o desempate obtendose o seguinte resultados:

Nome e apelidos	Data situación desemprego
LOPEZ BARREIRO JOSE MANUEL	23-06-2020
RODRIGUEZ PEREZ DAVID	13-09-2019

A vista da puntuación obtida polos participantes no proceso de selección, e do resultado de desempate o tribunal propón provisionalmente o seguinte candidato:

RODRIGUEZ PEREZ DAVID

A presidenta da por rematado o proceso de selección, sendo as 10:35 horas. E para que quede constancia do tratado, eu, o Secretario, redacto a acta que someto á sinatura da Presidenta e vogai presente, dou fe.

Sinaturas.